

26.8.09

Rexina Vega. Cardume

É nese momento cando sentimos intensamente o golpe do medo, axotándonos, aproximándonos. Convertémonos en cardume, e comezamos, por iso mesmo, a chorar acompasado, baixo, grave, coa conciencia de sermos un en moitos corpos diminutos (p. 163).



1. *Cardume* é unha novela ambientada nos anos previos a posteriores á guerra civil. Recolle o presaxio e a desfeita que asolagou o país cosidos co fío da memoria da narradora, neta dunha das personaxes agonistas da historia:

"Volvo a Pereiró. Neste cemiterio que visitaba aterrada nas tardes da miña infancia repousan os restos de todos os que convoquei nesta novela, agás Fasito, que ficou definitivamente desarraigado nun osario público da urbe neiorquina. Aquí están as caveiras de Isolina, da miña avoa, do meu avó, de Urbano, de Dámaso" (p. 193).

A novela recrea unha época convulsa nun Vigo que quere deixar de ser aldea para converterse en cidade industrial. Un Vigo que é un furo polo que se escoa o país que emigra, pero tamén un lugar que ofrece oportunidades para os espelidos que saiban velas e aproveitalas.

2. Mais no tocante ás oportunidades, as personaxes de *Cardume* veranas todas estragadas. Algunhas son vidas



tronzadas, e as que sobreviven acaban por se converter en táboas dun naufraxio. A novela vén sendo o relato da derruba interior dos protagonistas.

Á par da derruba das personaxes, vai a do país;

nomeadamente a personificada na figura do dramaturgo Urbano, incomprendido e ferozmente reprimido:

"Todo aquilo parecía tan difícil, tan grotesco aos ollos de Fasito, esa loita de iluminados... Aínda estaban eles intentando limpar o cheiro a corte, e a terra nas unllas pola vía do progreso cidadán para que viñesen estes parvos darlle pulo ao fedor cateto da leira" (p. 78).

Na figura do dramaturgo vemos condensado o galeguismo do primeiro terzo do século XX, que percorre o seu mesmo viacrucis: incompreensión, estafa, fusilamento.

3. Tamén é relevante na novela o tratamento da emigración americana. Na memoria do avó está a América do Sur; na fuxida soñadora de Fasito, Norteamérica.

Tampouco falta no proxecto dramático de Urbano:

"América como solución triste para o amante rexeitado, o lugar de onde volta o indiano corrompido que humilla e compra, ou o enderezo a onde chegan ou non chegan as cartas de Pais e Penélopes que esperan e minguan. América dá homes sen rumbo e deixa a Galicia como un país baldeiro só apto para lúbricos homes gordos e vellos usureiros" (p. 70).

4. Dísenos na presentación editorial que Rexina Vega "reivindica nesta novela a memoria como conformación da identidade presente". No exercicio da memoria están as propias raíces, está a supervivencia. A voz narradora bota man dunha especie de ouigha: "Todos unidos coas mans como satélites, apertados, esforzándonos por meterlles pensamento" (p. 49).

Na intención da voz narradora está "prolongar un pouco máis a permanencia, atrasar o devalo destas vidas menores" (p. 193).

5. Sobre a novela:

- Vieiros recolle a presentación e mais unha entrevista de Pura Salceda coa autora.
- Brétemas achéganos ó acontecemento literario, á figura da autora e á novela galardoada.
- El País refírese á novela como "una obra contada por una nieta de la Guerra". Tamén fai referencia á técnica



literaria.

- Ramón Chao salienta a forma peculiar de recoller a memoria familiar "de modo bien distinto al expediente común de la forma novelada".
- El Correo Gallego recolle a noticia do evento e salienta: "A autora definía onte o libro galardado como "un álbum de recordos novelados, un libro feito de memoria e de reescritura de memoria", no que combina "información e invención". Vega pretendeu con este libro "establecer unha autobiografía a través da reconstrución de personaxes aos que só se coñece por medio de relatos familiares".
- Montse Pena: "Fotografía da cidade que foi". Salienta dous eixos na novela: o Vigo industrial e a guerra.
- A autora fala da obra. Audio no soportal lg3 literatura da páxina do Consello da Cultura.
- Mar Mato achéganos ó Vigo de *Cardume* e mais á figura do dramaturgo Urbano Moledo.
- No blog de Antón Castro damos cun amplo artigo que salienta, entre outros, estes tres aspectos: a) o espírito cunqueirano do relato; b) o valor da memoria histórica; c) o traballo de investigación e o esforzo creador.
- Lara Rozados dános unha ampla visión de Rexina Vega e *Cardume (A Nosa Terra)*: "As vidas minúsculas son as que constrúen a historia".
- Camilo Franco entrevista a Rexina Vega en *La Voz de Galicia*.
- Galiciaé publica unha entrevista coa autora: "A escrita cambia a realidade, é un instrumento poderosísimo".
- Elcolordelessabates fai unha completa recensión de *Cardume* na que recolle o sentido global da obra e conclúe coa recomendación dunha lectura atenta, especialmente na primeira parte, "ja que l'abundancia de personatges que es mouen a l'hora per aquest entramat –qual banc de peixos o “cardume”, en gallec–, així com les freqüents analepsis i prolepsis que conformen la narrativa, poden dificultar la reconstrucció dels esdeveniments. Això no obstant, el bon gust narratiu de Rexina Vega, el delicat estil que emprà en construir la seva trama i la densitat del seu univers ficcional garanteixen que aquesta lectura resultarà en una experiència absolutament gratificant".